

APRENDE XOGANDO



Trátase dun programa dirixido a procurar o desenvolvemento da personalidade das nenas e dos nenos a través do xogo e do xoguete, a fomentar a práctica do xogo en grupo, a axudar á integración das e dos menores con necesidades específicas mediante o xogo, á realización de actividades de animación infantil e, en definitiva, ao traballo tomando o xogo como eixe central de intervención.

Cal é o meu centro?

As aulas do programa Aprende Xogando están situadas en tres locais municipais:

- Nave de Vías e Obras do Parque da Milagrosa
- Centro de Convivencia "Maruja Mallo"
- Centro de Convivencia "Uxío Novoneyra"

Cada unha delas ten unha zona de influencia (podedes consultar os planos colocados nelas e na Casa da Muller), e ás nenas e nenos corresponderalles a aula da zona onde estean empadroadas/os.

Que horario ten?

O programa lévase a cabo durante todo o ano: no período lectivo, das 16:00 ás 20:30 horas, e nas vacacións escolares tamén en horario de mañá, das 9:00 ás 14:00 horas.

A quen vai dirixido?

Está pensado para nenas e nenos empadroadas e empadroados no concello de Lugo cunha idade comprendida entre os 3 e os 12 anos. Teñen que ter cumpridos os 3 anos na data de inscrición, e poderán asistir ata o mes que cumpran os 12 anos.

Onde e cando se solicita inscrición?

A inscrición solicitarase na Casa da Muller entre os días do 20 e 26 (hábeles) do mes anterior á data de inicio no programa. O horario de oficina é de luns a venres, das 8:30 ás 14:30 horas.

Será preciso presentar o DNI da/do representante legal que asine a solicitude e o libro de familia ou documentos equivalentes.

Nos días seguintes despois de rematar o prazo de inscrición, expoñeranse, na Casa da Muller e nas aulas, as listaxes das nenas e nenos admitidas/os, así como o importe da cota para pagar.

Quen terá prioridade no acceso?

- As fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero.
- As fillas e fillos de pais ou nais con cargas familiares non compartidas.
- As fillas e fillos de pais ou nais con persoas dependentes ao seu cargo.
- As fillas e fillos de nais e pais que traballen ou que estean a formarse.

En todos os casos, haberá que presentar a documentación que o xustifique.

Que responsabilidade se esixe ás nais e aos pais?

Puntualidade na recollida das e dos menores para que non pasen nas aulas máis tempo do debido.



Non traer as fillas ou os fillos con malestar ou febre para **evitar contaxios** de enfermidade ao resto de nenas e nenos así como ás monitoras e monitores.

Que as e os pequenos leven algo para o **almorzo ou a merenda**.





Aprende Xogando

Asistencia

As nenas e nenos que acumulen 5 faltas de asistencia seguidas ou 8 non seguidas, sen xustificar, causarán baixa no programa e non se reintegrará o importe da cota de inscrición.

O xustificante do pago da cota de inscrición entregarásese na Aula o primeiro día que vaia o neno ou a nena.

De existir baixas por renuncia ou por falta de ingreso da cota, procederásese a chamar as nenas e nenos das listas de reserva.

A falta de presentación do xustificante de pago implica a baixa no proceso de solicitude de plaza. Do mesmo xeito, os pais ou nais de aquelas nenas e nenos inscritas/os que vaían causar baixa terán a obriga de comunicalo antes do comezo do mes correspondente.



Concellería de Benestar Social
e Igualdade